



Intervención do presidente do Parlamento de Galicia no acto de toma de posesión de tres novos conselleiros do Consello de Contas de Galicia

Salón dos Reis do Parlamento de Galicia, 01-02-2022 // 10,00 h.

- Presidente da Xunta de Galicia,
- Conselleiro maior e membros do Consello de Contas,
- Conselleiro de Facenda e Administración Pública,
- Membros da Mesa do Parlamento,
- Fiscal Superior de Galicia,
- Valedora do Pobo,
- Portavoces dos Grupos Parlamentarios Popular de Galicia e dos Socialistas de Galicia,
- Deputadas e deputados,
- Reitores das Universidades de Santiago e da Coruña,
- Autoridades,
- Señoritas e señores:

Bo día a todas e a todos moitas grazas por honrarnos coa súa presenza neste acto de toma de posesión de tres conselleiros do Consello de Contas de Galicia:

- Don Anxo Ramón Calvo Silvosa,
- Don Tomás Pérez Vidal,
- E don José Antonio Redondo López.

O Parlamento de Galicia séntense honrado acollendo a celebración deste acto e séntese honrado tamén por ter completado o procedemento de elección dos novos conselleiros do Consello de Contas de Galicia, perfeccionado pola Lei 8/2015, do 7 de agosto, de reforma da lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas.



Refírome a unha lei pioneira, no ámbito autonómico e mesmo no conxunto do Estado, como tantas outras aprobadas por esta Cámara, integrada no denominado paquete legislativo de rexeneración democrática, que entre outras novidades:

- Reforzou as competencias do Consello de Contas en materia de prevención da corrupción,
- Blindou a independencia e inamovibilidade dos conselleiros e conselleiras do Consello de Contas,
- Estableceu novas salvidades para limitar o acceso a estes postos na procura do rigor e a independencia no exercicio do seu labor fiscalizador (non poderán ser elixidas as persoas que nos seis últimos anos tivesen ocupado determinados cargos ou responsabilidades),
- Fixou un límite de idade para a permanencia no cargo (72 anos)
- E determinou a comparecencia das persoas propostas ante a comisión correspondente do Parlamento de Galicia.

A comparecencia dos tres novos consellerios ante a Comisión 1ª, Institucional, de Administración xeral, Xustiza e a Interior, do pasado 2 de decembro, determinou a idoneidade dos mesmos para o desempeño da alta responsabilidade que lle vén de ser encomendada.

Non entrarei a debullar os méritos académicos e profesionais dos elixidos, explicados no referido órgano, que as persoas interesadas poden visionar na web deste Parlamento, e tamén na documentación presentada no rexistro da Cámara cando se iniciou o procedemento para a cobertura das tres vacantes.

Como sinalou Schumpeter “A primeira condición [para o éxito do método democrático] é que o material humano da política sexa de calidade suficientemente alta” ¹.



A excelencia que caracteriza as traxectorias de cada unha das persoas que veñen de tomar posesión responde ao referido principio de calidade amplamente compartido.

Observarán vostedes que en ningún momento fixen alusión aos grupos parlamentarios que propuxeron as candidaturas das persoas elixidas.

Citamos con frecuencia a Montesquieu como o artífice intelectual, aló polo ano 1748, da teoría da separación de poderes –Executivo, Lexislativo e Xudicial- sobre a que se sustentan as democracias avanzadas como a nosa. E con frecuencia esquecemos que a Montesquieu corresponde tamén a paternidade intelectual do mandato representativo fronte ao mandato imperativo. É dicir, unha vez electo, un cargo público representa á totalidade da cidadanía, e non só ás persoas que os votaron nas urnas ou as que propiciaron a súa elección directa ou indirectamente.

Quero dicir con isto que os señores Calvo Silveira, Pérez Vidal e Redondo López asumen a obriga de velar polo interese xeral con independencia da súa procedencia ou militancias pretéritas. Porque por riba dunha ou doutra sigla está o interese supremo e definitivo de Galicia, e con ese obxectivo veñen de ser investidos.

A política, as institucións e a propia sociedade no seu conxunto, atravesan un momento de convulsión, e non só en España. Situación moito menos acentuada en Galicia, se cadra polo “sentidiño” que nos caracteriza nas diferentes ordes da vida. Non hai máis que comparar a composición e o xeito de actuar deste Parlamento co composición e o día a día doutras cámaras da contorna, sexa no ámbito autonómico ou no das propias Cortes Xerais.

Neste contexto, o conxunto das institucións, e as persoas que formamos parte delas, estamos especialmente obrigados en afianzar a recuperación da confianza social que tantos danos ten inflinxido nos últimos anos.



Recuperar esa confianza resulta imprescindible, pero tamén posible, a partir do traballo individual e colectivo que, entre outras medidas, esixe un esforzo en materia de didáctica e de transparencia; sempre, como é natural, desde un exercicio honesto da xestión pública e cun escrupuloso acatamento ao marco normativo que entre todos nos temos outorgado.

Cómpre un esforzo didáctico, porque, por exemplo, moi poucos cidadáns coñecen que a xestión económico-financeira dos recursos públicos está sometida a unha dobre fiscalización:

- Fiscalización previa, por parte dos servizos de intervención das distintas administracións. Sempre digo, e supoño que noutros lugares sucede o mesmo, que neste Parlamento non se move un euro sen a autorización expresa da interventora, que como boa profesional que é, non recibe máis indicacións que as que marca a propia Lei.
- Pero tamén hai unha fiscalización posterior, a través de órganos de control externos como o Consello de Contas ou o Tribunal de Cuentas, segundo o ámbito competencial no que se enmarque cada organización.

Quero dicir con isto que, se cadra, tamén desde o Consello de Contas, debemos esforzarnos aínda máis en dar a coñecer este traballo para a que a cidadanía sexa consciente de que os seus impostos están a bo recaudo e se xestionan sempre con rigor e con arreglo á lei, sen atallos de ningún tipo. Como debe ser.

Moitas grazas, moitos parabéns e moitos éxitos aos novos conselleiros do Consello de Contas de Galicia.

Traballo non lle ha faltar.



ⁱ <https://recyt.fecyt.es/index.php/RevEsPol/article/view/38831/21846>